



Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) neste Concello, presenta a seguinte solicitude diante do Alcalde e a Comisión de Goberno en relación co alumeadado público ornamental no Nadal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Directivas europeas e as súas aplicacións normativas estatais e autonómicas veñen demandando a implantación progresiva de medidas de promoción do aforro enerxético nos diferentes servizos públicos. O alumeadado público supón non só un importante gasto para as arcas municipais senón tamén unha importante contribución á contaminación atmosférica.

No tempo de Nadal é habitual que o Concello contrate a instalación de alumeadado ornamental. É pois unha boa ocasión para que se proceda, á hora da contratación, a seleccionar modelos de alumeadado que apliquen tecnoloxías eficientes que supoñan un importante aforro enerxético. O Concello contribuiría tamén, con esta medida, a difundir na poboación o exemplo de que o aforro enerxético é cousa de todos e todas.

Existen no mercado modelos que aplican lámpadas con tecnoloxía LED que, sen menoscabo da calidade estética, supoñen un importante aforro no gasto enerxético e no impacto ambiental conseguinte. Un hipotético maior custo de aluguer podería perfectamente ser compensado cunha máis racional distribución do tempo de uso e conexión. Isto permitiría tamén incrementar os puntos de ornamentación a máis lugares no rural que estes anos viron anuladas iluminacións que si tiñan anteriormente.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG,

SOLICITA:

1.- Que o Goberno Municipal teña en conta criterios de aforro enerxético á hora da contratación e instalación do alumeadado de Nadal coa contratación de sistemas que utilicen tecnoloxías eficientes e de baixo consumo.

Ribeira, 25 de novembro de 2008

Asdo.: Xosé Luís Groveiro González